

RESOLUCIÓN REITORAL DO 24 DE XANEIRO DE 2019 POLA QUE SE PUBLICA A OFERTA DOS OBRADOIROS DO SEGUNDO CUADRIMESTRE DO CURSO 2018/2019 NO CAMPUS DE VIGO

En virtude do disposto na resolución reitoral do 29 de outubro de 2018, pola que se publica a convocatoria de axudas para organizar os obradoiros de Extensión Universitaria da Universidade de Vigo no segundo cuadrimestre do curso 2018/2019 na base 7ª “*A vicerreitoría de Captación de Alumnado, Estudiantes e Extensión Universitaria ou as respectivas Vicerreitorías de Campus poderán tomar a iniciativa de organización de obradoiros para cumprir os seus obxectivos e complementar os propostos pola comunidade universitaria.... Non serán sometidos ao proceso de avaliación, bastando informar dos mesmos á Comisión de Extensión Universitaria ou ao Consello de Campus respectivo*”, e tendo en conta os acordos da Comisión de Extensión Universitaria e Estudiantes de 19 de decembro de 2018, esta Reitoría RESOLVE:

Facer pública a oferta de obradoiros do segundo cuadrimestre do curso 2018/2019 para o campus de Vigo que figuran no Anexo I.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o Reitor. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O reitor

Por delegación R.R. do 01/12/2018 (D.O.G. do 7)

A vicerreitora de Captación de Alumnado, Estudiantes e Extensión Universitaria

(asinada dixitalmente)

Natalia Caparrini Marín



ANEXO I

OBRADOIROS DO SEGUNDO CUADRIMESTRE DO CURSO 2018/2019 NO CAMPUS DE VIGO

Campus	Código	Nome do Obradoiro	Lugar	Límite de prazas	Duración	Créditos ECTS	Data de inicio	Horario
Vigo	2018/801	Cultivo doméstico de cogomelos saprotróficos	Facultade de Bioloxía: Teórica: Aula 4. Bloque B, 1º andar Práctica: Lab. Botánica Bloque A, 1º andar)	20	30 horas	1 ECTS	20 de febreiro de 2019	Mércores de 16:00 a 18:30
Vigo	2018/802	Plantas silvestres comestibles de primavera: identificar, apañar e cocinar	Teoría: Edificio Miralles. Sala II Cociña: comedor da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais	15	30 horas	1 ECTS	20 de febreiro de 2019	Mércores: Roteiros de 16:00 a 19.00 h. Cociña: de 17:00 a 20:00
Vigo	2018/803	Introdución a cultura do antigo Exipto	Escola de Empresariais Aula 34	20	30 horas	1 ECTS	18 de febreiro de 2019	Luns de 16:30 a 19:30 h.
Vigo	2018/804	Comunícate coas túas mans: Lingua e cultura da comunidade xorda	Fac. de Filoloxía e Tradución. Aula A12	20	30 horas	1 ECTS	19 de febreiro de 2019	Martes e xoves de 16:00 a 18:00
Vigo	2018/805	Creación de contidos audiovisuais para redes sociais con smartphones	Edificio Miralles. Sala II	15	30 horas	1 ECTS	19 de febreiro de 2019	Martes de 16:00 a 19:00 h.
Vigo	2018/806	Obradoiro práctico de horta ecolóxica	Horto universitario: (detrás do CINBIO)	15	30 horas	1 ECTS	25 de febreiro de 2019	Luns de 17:00 a 20:00 25 de febreiro, 11 e 25 de marzo, 1, 8 e 29 de abril, 13 e 27 de xuño e 3 e 17 de xullo
Vigo	2018/807	Posta en escena dunha obra teatral	Edificio de Deportes. Aula multiusos	*	30 horas	1 ECTS	18 de febreiro de 2019	Luns e mércores de 16:30 a 19:30 h.
Vigo	2018/808	AULA DE MUSICA TRADICIONAL ** / *** Canto, percusión, gaita e baile tradicional galego	Teatro da Cidade Universitaria	15	30 horas	1 E.C.T.S. (Por cuadrimestre	18 de febreiro de 2019	Luns de 15:00 a 18.00 h.
Vigo	2018/809	Iniciación ao desenvolvemento sustentable	Facultade de Bioloxía. Seminario 2	15	30 horas	1 ECTS	18 de febreiro de 2019	Luns de 15:30 a 18.30 h.

ÁMBITO- PREFIJO

GEISER

Nº registro

U03800049s19N0000002

CSV

GEISER-6773-211d-8105-4553-a97e-96b7-6ffe-a865

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN

<https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida>



GEISER-6773-211d-8105-4553-a97e-96b7-6ffe-a865

FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO

24/01/2019 12:05:45 Horario peninsular

Validez del documento

Original

PERIODO DE MATRÍCULA: do 29 de xaneiro ao 12 de febreiro de 2019.

TAXAS DE MATRÍCULA:

- **40 euros** para o público en xeral.
- **26 euros** para as persoas da comunidade universitaria da Universidade de Vigo.

Ao remate do obradoiro entregarase diploma acreditativo (asistencia obrigatoria ao 85% das horas) con recoñecemento de 1 crédito ECTS para as ensinanzas de grao por cada 30 horas.

Obradoiro 2018/807 - Posta en escena dunha obra teatral:

*So para as persoas que estivesen matriculadas no obradoiro do 1º cuadrimestre do curso 2018/2019

Obradoiro 2018/808 – Aula de música tradicional: Canto, percusión, gaita e baile:

** As persoas matriculadas no 1º cuadrimestre que precisen diploma (asistencia obrigatoria ao 85 % das horas do 1º cuadrimestre) deberán pasar pola sección de Extensión Universitaria (Edificio Miralles).

*** So deberán pagar a matrícula as persoas que se inscriban por 1º vez neste obradoiro no curso 2018/2019.

ÁMBITO- PREFIJO

GEISER

Nº registro

U03800049s19N0000002

CSV

GEISER-6773-211d-8105-4553-a97e-96b7-6ffe-a865

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN

<https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida>



GEISER-6773-211d-8105-4553-a97e-96b7-6ffe-a865

FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO

24/01/2019 12:05:45 Horario peninsular

Validez del documento

Original